



ANEXO. EPÍGRAFE C.6

TURISMO

ACOMPANAMENTO AO SECTOR TURÍSTICO
COAS ACTUACIÓNS APOIADAS E
DESENVOLVIDAS DESDE A ASOCIACIÓN
DE DESENVOLVEMENTO RURAL
MARIÑAS-BETANZOS DESDE O ANO 2007
ATA 2022

ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO LEADER 2023-2027

GDR-23 MARIÑAS-BETANZOS



ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL
MARIÑAS-BETANZOS



Xacobeo 21-22



“

SE DESCRIBEN NESTE DOCUMENTO O CONXUNTO DE
ACTUACIÓNS LEVADAS A CABO ENTRE 2007 E 2022 DE
ACOMPAÑAMENTO AO SECTOR TURÍSTICO.

CONTIDO

A.	Introdución	5
B.	GDR Mariñas-Betanzos: entidade xestora do xeodestino.....	6
B.1.	Ano 2018.....	6
	Xestión do xeodestino “As Mariñas”.....	6
B.2.	Ano 2019.....	6
B.3.	Ano 2020.....	7
	Reforzando o xeodestino “Mariñas Coruñesas”	7
B.4.	Ano 2021.....	7
	Curso de formación a técnicos de turismo, guías e persoal de aloxamentos.....	7
	Elaboración de materiais audiovisuais para a mellora da comunicación e promoción do xeodestino	8
C.	GDR Mariñas Betanzos: xestor destino SICTED.....	9
C.1.	Ano 2019.....	9
C.2.	Ano 2020.....	10
	Guía “Restaurantes da Biosfera”.....	11
C.3.	Ano 2021.....	11
	Proxecto de formación SICTED	11
	Implantación de novas tecnoloxías aplicadas ao turismo/ apoio á comercialización.....	11
D.	Adhesión do GDR Mariñas-Betanzos á Asociación de Ecoturismo de España.....	12
D.1.	Actividades de colaboración co Consorcio de Turismo de A Coruña.....	12
D.2.	Deseño dun novo produto turístico na Reserva da Biosfera Mariñas – Coruñesas con MEGA “Mundo Estrella Galicia”.....	13
D.3.	Apoio a proxectos empresariais no eido do turismo	13
	Creación restaurante de produtos do territorio e actividades complementarias “Xente no Camiño”	13

	Creación restaurante en Abegondo	13
	Proxecto turístico de produción de té en Paderne	14
E.	Creación e apoio ós produtos locais relacionados co medio rural, como eixo do destino turístico	15
E.1.	Ano 2010	15
	Feira do Agro 2010	15
E.2.	Ano 2011	15
	Elaboración da guía de producións agroalimentarias de “Mariñas – Betanzos”	15
E.3.	Ano 2012	15
	Feira do comercio e a artesanía	15
	Promoción dos produtos do mar e da horta de proximidade	15
E.4.	Ano 2013	16
	XI Festa do Pan de Carral	16
	Mostra de viños e produtos das Mariñas	16
	Xornadas de promoción do produto do mar de temporada do Grupo De Acción Costeira “Golfo Ártabro”	16
	Xornada: territorios, marcas de calidade e produtos locais	17
E.5.	Ano 2014	17
	Difusión de produtos agroalimentarios locais	17
	Xornada Formativa: A Que Sabe A Biosfera?	17
E.6.	Ano 2016	17
	IV Mostra de viños e produtos das mariñas	17
	Receitas da biosfera	17
	Xornadas de difusión de produtos agroalimentarios locais	18
E.7.	Ano 2017	18
	Marca de calidade Reserva da Biosfera MCETM	18
E.8.	Ano 2018	19
	Promoción da agricultura sustentable e os seus produtos	19
E.9.	Ano 2019	19
	Promoción da agricultura sustentable e os seus produtos	19
	Marca de calidade na Reserva da Biosfera MCETM	19

E.10.	Ano 2020	20
	Participación da Reserva da Biosfera en “maridar” II Encontro: produtores, gastronomía, ocio e turismo-sabor das Mariñas.....	20
	Xornadas gastronómicas do territorio atlántico	20
	A marca da Reserva da Biosfera	20
	Catas sensoriais para avaliar os produtos da Reserva	21
	Campaña promocional “Escapadas á Biosfera”	21
E.11.	Ano 2021	21
	A Reserva da Biosfera participa no Salón Internacional de Turismo B Travel.....	21
	Guía de produtos agroalimentarios de excelencia da Reserva da Biosfera.....	22
	Mellorando a comercialización dos produtos alimentarios.....	22
	Proxecto alimentos da Biosfera	23
	Participación da Reserva da Biosfera en “maridar” III Encontro: produtores, gastronomía, ocio e turismo-sabor das Mariñas.....	23
	Xornadas gastronómicas do territorio atlántico	24
	A marca da Reserva da Biosfera	24
G.	Apoio dende os programas Leader ós novos produtos turísticos de emprendedores privados e/ou concellos.....	25
G.1.	Ano 2010.....	25
	Asistencia a feiras: divulgación do Programa Leader	25
G.2.	Ano 2011.....	26
	Páxina web “Mariña-Betanzos”	26
	Asistencia a feiras: divulgación do Programa Leader.....	26
G.3.	Ano 2012.....	26
	I Xornadas Patrimonio nas Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.....	26
	Sinalización Reserva Biosfera (1ª fase)	26
G.4.	Ano 2015.....	27
	Creación da imaxe corporativa da Reserva da Biosfera MCETM.....	27
G.5.	Ano 2019.....	27
	I Premio Leader pola súa innovación turística	27
	Recuperación entorno Esperela.....	27

Reserva da Biosfera: destino turismo sustentable	28
G.6. Ano 2020.....	28
Formación aos restaurantes da Biosfera	28
H. Traballo en rede con outros territorios no Programa Leader	29
Participación no Evento Leader en Évora, Portugal.....	29
II Encontro Leader Galicia 2019.....	29
Intercambio de experiencias Leader on-line “Alimentos da Biosfera”	30
I. Actuacións de promoción do destino	31
I.1. Ano 2018.....	31
Xestión do Xeodestino “As Mariñas”	31
I.2. Ano 2019.....	31
A Reserva da Biosfera: destino de turismo sustentable no Congreso de Ecoturismo de España 2019	31
A Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo en FITUR 2020.....	31
I.3. Ano 2021.....	32
Mariñas Coruñesas presenta a súa campaña “Sinte cos cinco sentidos”.....	32
A Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo en FITUR 2021.....	32
A Reserva da Biosfera participa no Salón Internacional de Turismo B Travel.....	32
I.4. Ano 2022.....	33
Celebración do VI Congreso Español de Ecoturismo no GDR Mariñas-Betanzos	33

A. INTRODUCCIÓN

A finais do período 2000-2006, desde o GAL Terra das Mariñas, un dos xermolos da Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos, se contratou o deseño do primeiro Plan de Desenvolvemento Turístico (2006-2010) para o territorio, agrupando a 8 municipios da área da Coruña. Este Plan sería a base da Candidatura ao Plan de Dinamización de Produto Turístico 2007-2010) que se deseñaría desde o GAL Mariñas-Betanzos e xestionaría a entidade local “Consortio As Mariñas”, pois os GAL non podían xestionar estes Plans.

Por outra banda, na Comarca da Betanzos, o outro xermolo de Mariñas-Betanzos, desenvolveuse desde o ano 2010 ata o ano 2015 o Plan Mandeo, como estratexia de dinamización ambiental e turística dos municipios da cunca do Mandeo, cun investimento inicial de cerca de 12 millóns de Euros.

A Programa Mandeo coa Asociación Mariñas-Betanzos, foi o traballo conxunto para elaborar a Candidatura para a declaración do territorio como Reserva de Biosfera pola UNESCO.

Desde período 2007-2013 o GDR Mariñas-Betanzos, visto o elevado investimento en turismo nos outros dous programas antes relacionados, traballou en fortalecer as dinámicas internas do destino, apoiando o asociacionismo no sector, e traballando na mellora ambiental do territorio e no apoio ao empresariado local, apoiando o emprendemento en aloxamentos rurais, en restaurantes e en actividades complementarias do destino.

Destacar que no ano **2016**, se creou a Marca de Calidade “Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, sendo o produto alimentario local o elemento clave de desenvolvemento de produtos turísticos. Actualmente, a Marca de Calidade da Reserva de Biosfera vaise arraigando no territorio e vai gañando cada ano máis empresas, sendo actualmente:

- Trinta e cinco (35) empresas agroalimentarias
- Vinte e tres (23) “Restaurantes da Biosfera”
- Dez (10) “Aloxamentos da Biosfera”
- Doce (12) Empresas Agroalimentarias certificadas para realizar Visitas de Agroturismo

Neste senso, esta Marca é un selo que garante a elaboración dos produtos que amparan baixo uns criterios de produción, seguridade e hixiene. Esta Marca de Calidade está a servir como elemento de apoio ás empresas do territorio e á súa vez establecer un vínculo entre EMPRESA-PRODUTO-TERRITORIO e establecer unha imaxe común para os produtos e servizos turísticos do territorio, debendo de implicar un certo nivel de agregación para conseguir volume, homoxeneidade e estabilidade de subministración de produtos locais.

En xaneiro de **2020**, asinouse un Convenio de colaboración co Concello de A Coruña para avanzar na promoción e dinamización do Destino turístico.

Despois deste período 2014-2020 se ten conseguido “enraizar” un modelo de ecoturismo no territorio, cunha forte financiación Leader Animación, que reforzou outras liñas externas da Deputación da Coruña e da Xunta de Galicia, conseguindo non depender de Leader de cara ó futuro (2023-2027).

B. GDR MARIÑAS-BETANZOS: ENTIDADE XESTORA DO XEODESTINO

O territorio da Asociación Mariñas- Betanzos, entidade xestora da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” agrupa aos seguintes concellos: Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Coiros, Culleredo, Curtis, Irixoa, Miño, Oleiros, Oza -Cesuras, Paderne, Sada e Sobrado, estando no territorio dezasete dos dezaioito concellos que integran o Xeodestino “A Coruña e As Mariñas”.



As actuacións nos diferentes anos , como entidade xestora de Xeodestino, menciónanse a continuación:

B.1. ANO 2018

XESTIÓN DO XEODESTINO “AS MARIÑAS”

A Asociación Mariñas – Betanzos inicia os trámites para xestionar o Xeodestino “A Coruña e As Mariñas”, que coincide con gran parte do territorio da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas.

A xestión do xeodestino levarase a cabo en colaboración coa Xunta de Galicia, e permitirá unificar a mensaxe turística e promover estratexias conxuntas entre os municipios, asociado a un produto turístico.

B.2. ANO 2019

Desde o ano 2019, a Asociación Mariñas Betanzos, é a entidade xestora do Xeodestino “A Coruña e As Mariñas”, tras a sinatura dun Convenio de Colaboración coa Xunta de Galicia -a través da Axencia Turismo de Galicia-.

Ademais, tamén desde o ano 2019, xestionamos o Destino de Calidade Turística SICTED do Ministerio que leva o nome de “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”.

B.3. ANO 2020

REFORZANDO O XEODESTINO “MARIÑAS CORUÑESAS”

En xaneiro de 2020, o Club de Ecoturismo de España ratificou ao territorio da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” como o primeiro Destino de Ecoturismo certificado de Galicia, a través do Club de Ecoturismo Estatal; ademais, asinou un Convenio de colaboración co Concello de A Coruña para avanzar na promoción conxunta e dinamización do destino turístico, reforzando especialmente aqueles produtos que compartimos como Xeodestino.

Entre as actividades realizadas dentro do Convenio de dinamización do Xesdestino destacaron as seguintes:

- Estudo para o deseño e posta en marcha de produtos turísticos tras a crise do COVID-19.

O estudo diagnosticou a situación actual do sector turístico do territorio tras a irrupción da COVID-19, colaborou co sector privado no deseño e posta en marcha de experiencias turísticas e tratou de artellar e poñer en valor os recursos turísticos locais, co obxectivo de conectalos e organizalos co fío condutor da Reserva de Biosfera das Mariñas Coruñesas.

- Formación para a mellora da calidade e competitividade do sector turístico e fortalecemento da Marca da Reserva de Biosfera e do Sistema de Calidade Turística -SICTED- (dirixido a Aloxamentos e Restauración do Xeodestino).

Consistiu na formación a empresas de aloxamento turístico do Xeodestino “A Coruña e As Mariñas”, e empresas de restauración para a súa adhesión á Marca de Calidade da Reserva de Biosfera, baixo o sistema de certificacións e avaliacións en calidade turística do SICTED.

- Desenvolvemento de Materiais Promocionais Audiovisuais do Destino Turístico.
 - Elaboración de diferentes “Making Off” das gravacións (7 vídeos) para xerar expectación nas redes sociais.
 - Gravacións en diferentes locais de hostaleira (restaurantes da Biosfera certificados): 9 vídeos
 - Gravacións en diferentes empresas que ofrecen experiencias de ecoturismo no territorio (4 vídeos) e Banco Fotográfico.
 - Realización da Campaña Audiovisual e Promocional do Xeodestino: Sinte cos cinco sentidos (19 vídeos asociados a esta Campaña).

Todos os vídeos na seguinte ligazón: <https://vimeo.com/reservadabiosferamcetm>

B.4. ANO 2021

CURSO DE FORMACIÓN A TÉCNICOS DE TURISMO, GUÍAS E PERSOAL DE ALOXAMENTOS.

Esta formación de persoal e lanzamento de enquisas turísticas a visitantes a través dunha plataforma online, para monitorizar en tempo real diversos índices turísticos.

ELABORACIÓN DE MATERIAIS AUDIOVISUAIS PARA A MELLORA DA COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN DO XEODESTINO

Realizáronse os seguintes materiais audiovisuais:

- Vídeos resumo da Masterclass de Pablo Morales e de Javier Olleros. <https://vimeo.com/showcase/9059514>
- Pílulas promocionais do uso do produto de proximidade nos establecementos
- certificados como «Restaurantes da Biosfera». <https://vimeo.com/showcase/9065362>
- Pílulas promocionais en establecementos que participaron no Proxecto “piloto” sobre o cálculo e a redución da pegada de Carbono. <https://vimeo.com/showcase/9059525>
- Microvídeo promocional das novas experiencias certificadas de ecoturismo do territorio con música de librería. <https://vimeo.com/651337478>
- Vídeo promocional da Reserva de Biosfera para a campaña de Nadal, onde se reflicten e visibilizan moitas das actuacións incluídas no proxecto de Xeodestino 2021. <https://vimeo.com/showcase/9063824>
- Todos os vídeos poden visualizarse en: <https://vimeo.com/reservadabiosferamcctm>

C. GDR MARIÑAS BETANZOS: XESTOR DESTINO SICTED

C.1. ANO 2019

No ano 2019 se da de alta o destino SICTED “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, aglutinando aos concellos do territorio da Reserva de Biosfera. A Metodoloxía SICTED permite capacitar ás empresas da Reserva de Biosfera, aportando os recursos e técnicas básicas que lles permitan aportar valor engadido para os seus produtos e servizos turísticos mediante unha certificación de calidade e un proceso anual de mellora continua.



Requisitos de...

- » Instalacións e servizos
- » Materias primas do territorio
- » Formación, información
- » Mellora continua (cuantificable)
- » Xestión ambiental

A formación SICTED ten como obxectivo principal orientar e formar ás empresas participantes cara ao sector turístico, aportando os recursos e técnicas básicas que lles permitan deseñar e realizar visitas turísticas ás súas explotacións, propiciando as sinerxías entre elas e o reforzando o traballo en rede, co fío condutor da Marca da Reserva de Biosfera.

Así, os traballos incluíron dúas áreas, a específica do sistema SICTED para empresas de nova incorporación ou Ciclo 1, e a correspondente á formación para a realización de visitas de agroturismo/ turismo industrial.

As accións formativas estiveron dirixidas a:

- Diversificar a oferta e os produtos turísticos existentes, a través da potenciación dos recursos e valores diferenciadores como tractores da oferta durante todo o ano, conseguindo unha verdadeira desestacionalización das experiencias turísticas.
- Atender as necesidades individuais de capacitación de cada un dos sectores (agroalimentario, artesán e industrial) para o desenvolvemento dun novo produto turístico.
- Afrontar os grandes cambios ocasionados no sector turístico a causa da pandemia, mellorando a súa capacitación, impulsando a diversificación, así como novos produtos turísticos fronte a COVID-19.

- Mellorar a calidade e profesionalización a nivel turístico do sector agroalimentario, artesán e industrial, a través de diferentes ferramentas de formación, empregando a metodoloxía do Sistema Integral de Calidade Turística en Destino (SICTED).

C.2. ANO 2020

Neste ano a entidade obtivo o selo SICTED (Destino de Calidade Turística), a través dunha formación homologada. Así, os restaurantes e aloxamentos que se adhiran á iniciativa poderán obter a marca de calidade Reserva de Biosfera As Mariñas Coruñasas-Mandeo, cumprindo os requisitos e penetrándose na filosofía da comercialización en circuitos de proximidade.

Desenvolveuse tamén, durante este ano, a formación dirixida aos 14 restaurantes xa certificados no ano 2019 como Restaurantes da Biosfera, os cales presentan o marchamo da UNESCO e se comprometeron cunha serie de compromisos de mellora continua en canto a calidade e profesionalización dos servizos turísticos que ofrecen.

Para o seu desenvolvemento, realizouse unha formación ao empresariado turístico do territorio, aplicando a metodoloxía SICTED para a formación colectiva, individualizada, plans de mellora por empresa, avaliacións e certificacións.



Ademais, asinouse un convenio de colaboración co Concello de A Coruña para avanzar na promoción conxunta e dinamización do destino turístico, reforzando especialmente aqueles produtos que compartimos como Xeodestino.

Entregáronse as 20 placas identificativas SICTED, aos vinte restaurantes que superaron a formación e conseguiron a certificación.



GUÍA “RESTAURANTES DA BIOSFERA”

Por outra banda, no ano 2020 contratouse o deseño e impresión de 1.000 folletos encartables “ Guía Restaurantes da Biosfera” onde se recopian todos os Restaurantes que superaron no ano 2019 a formación SICTED e que conseguiron a certificación a Marca de Calidade da Reserva de Biosfera (14 Restaurantes).

C.3. ANO 2021

PROXECTO DE FORMACIÓN SICTED

No ano 2021, continua o proxecto de FORMACIÓN SICTED que se iniciou no ano 2020.

Ademais o GDR Mariñas-Betanzos inicia o desenvolvemento do proxecto “Ecoturismo no Golfo Ártabro”, que contou coa axuda da Conselleira do Mar, ao abeiro das Estratexias e Desenvolvemento Local Participativo. Ao longo do ano 2021 desenvóléronse as seguintes actividades no marco deste proxecto centrado en crear produtos turísticos no litoral:

- Diagnose e identificación de recursos e empresas para a elaboración do catálogo de empresas ligadas ao sector do mar e turístico.
- Capacitación e formación das empresas turísticas, e certificación SICTED. Tense levado a cabo un plan de formación ao empresariado turístico do ámbito de actuación do GALP Golfo Ártabro Sur e a súa área de influencia no ámbito do ecoturismo e a certificación a través do Sistema Integral de Calidade Turística en Destino (SICTED). Esta actividade comprendeu 73 horas formativas, e participaron 12 empresas.
- Diagnose da situación actual dos sendeiros do litoral e elaboración de propostas de mellora. Realizáronse as actuacións de avaliación de sendeiros nas seguintes dez rutas: Ruta de Sisalde-Costa Arteixo (Arteixo), Monumento Natural da Costa de Dexo-Serantes (Oleiros), Monte Xalo (Culleredo), Ruta do Rego das Xesteiras (Culleredo), Ruta arredor de Cambre (Cambre), Ruta da Costa Doce PRG-96 (Sada), Ruta de Trabe e Fonte da Balsa (Culleredo), Ruta Fluvial do Río Mero (Cambre), Ruta perimetral polas Brañas de Sada (Sada), Ruta de Miodelo e Mariñán (Bergondo).

IMPLANTACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS APLICADAS AO TURISMO/ APOIO Á COMERCIALIZACIÓN

Creación do Espazo web de Ecoturismo da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas”: <https://turismo.marinabetanzos.gal/>

Para o seu desenvolvemento deseñouse unha imaxe web coherente cos valores da Marca de Calidade da Reserva de Biosfera, elaboráronse os contidos, imaxe visual e tipografías empregadas, desenvolveranse fichas web para a súa impresión ou permitir o gardado dos produtos turísticos en formato pdf, así como as correspondentes traducións do galego ó castelán e inglés, as cales aparecen en pantalla segundo a configuración do idioma do navegador.



D. ADHESIÓN DO GDR MARIÑAS-BETANZOS Á ASOCIACIÓN DE ECOTURISMO DE ESPAÑA

Derivado do Plan de Actuación Turístico da Reserva de Biosfera, se animou e alentou a creación da Asociación de Ecoturismo de Mariñas Coruñesas, na que o fundamental é a mellora do diálogo e colaboración co sector turístico local.



Ademais, o territorio da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” foi recoñecida como o Primeiro Destino de Galicia certificado en Ecoturismo, a través do Club de Ecoturismo de España, do que o GDR Mariñas-Betanzos é unha entidade asociada.

D.1. ACTIVIDADES DE COLABORACIÓN CO CONSORCIO DE TURISMO DE A CORUÑA

En relación co fomento das dinámicas urbano-rurais, un exemplo no ano 2020 foi a coordinación e colaboración co Consorcio de Turismo de A Coruña na celebración das I Xornadas Territorio Atlántico, na que conseguimos o acercamento dos produtos agroalimentarios do territorio á cidade da Coruña, dándoos a coñecer e sendo empregados polos dez mellores establecementos e cociñeiros/as da cidade da Coruña.

Enlace as xornadas: <http://territorioatlantico.es/>



D.2. DESEÑO DUN NOVO PRODUTO TURÍSTICO NA RESERVA DA BIOSFERA MARIÑAS – CORUÑESAS CON MEGA “MUNDO ESTRELLA GALICIA”

Durante o ano 2020 comezouse a traballar coa empresa Estrella LUTEGA , EMALCSA e os Restaurantes da Biosfera para a dun novo produto turístico ao redor da cervexa, así como das de lúpulo na Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas, o aproveitamento da auga desde o Encoro de Abegondo-restauración local.



Galicia,
creación
produccións
Cecebre, e a

Entre os socios participantes no deseño e desenvolvemento deste novo produto turístico está a Asociación de Ecoturismo da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

D.3. APOIO A PROXECTOS EMPRESARIAIS NO EIDO DO TURISMO

CREACIÓN RESTAURANTE DE PRODUTOS DO TERRITORIO E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

“XENTE NO CAMIÑO”

Expediente: L12-41300-29-0198

Promotor: Briga Edicións, S.C.

Concello: Abegondo

Investimento: 104.215,06 €; Axuda: 46.896,78 €

Emprego: Creación dun posto de traballo.

Creación dun restaurante de produtos locais na casa natal do historiador e artista Alfredo Erias, na parroquia de Presedo, zona de paso dos peregrinos polo Camiño Inglés a Santiago, onde o artista expón as súas obras gráficas.



CREACIÓN RESTAURANTE EN ABEGONDO

Expediente: L14-41300-29-0306

Promotor: Felix A. Rico

Concello: Abegondo

Investimento: 114.285,71 €; Axuda: 40.000,00 €

Emprego: Creación 0,25 empregos, colectivo desfavorecido.

La Flor de Montouto, local emblemático no Concello de Abegondo ofrecerá un novo servizo de restauración, onde na súa carta ofrece produtos locais do territorio así como Viño da Terra de Betanzos, dinamizando a economía no sector primario e potenciará o turismo do territorio.



PROXECTO TURÍSTICO DE PRODUCCIÓN DE TÉ EN PADERNE



Expediente: L18-1920-23-0060

Promotor: Orballo Innovaciones Forestales, S.L.

Concello: Paderne

Investimento: 65.195,31 €

Contía subvención: 29.435,68 €

Emprego: Creación 2 empregos e consolidación de 2,5.

Este proxecto consiste na adecuación dun espazo dirixido á recepción de visitantes no que se ofrecerán diferentes catas de produtos a fin de que os visitantes poidan comprender a complexidade do té. Ofrecerase unha experiencia completa e única, apoiada nos cinco sentidos na que os visitantes poderán achegarse á cultura do té. Esta iniciativa é única en Galicia e na Europa continental.

E. CREACIÓN E APOIO ÓS PRODUTOS LOCAIS RELACIONADOS CO MEDIO RURAL, COMO EIXO DO DESTINO TURÍSTICO

Desde a Medida LEADER se ten apoiado o emprendemento relacionado co sector turístico, destacando os seguintes proxectos:

E.1. ANO 2010

FEIRA DO AGRO 2010

Celebrada o 10 de outubro d 2010 no concello de Abegondo. Tratouse de unha exposición e venda de produtos agropecuarios. O Equipo Técnico do Programa LEADER estivo nesta feira cun stand dando a coñecer o Programa, así como informando a todas as persoas interesadas sobre as liñas de axuda.



E.2. ANO 2011

ELABORACIÓN DA GUÍA DE PRODUCCIÓN AGROALIMENTARIAS DE “MARIÑAS – BETANZOS”

O obxectivo principal desta guía é dar a coñecer as producións Agroalimentarias de Mariña – Betanzos. A guía está composta por 29 fichas de entidades e/ou produtores distribuídas en 6 apartados (horta, viño e augardentes, lácteos, pan e repostería, produtos das rías e outras producións).

E.3. ANO 2012

FEIRA DO COMERCIO E A ARTESANÍA

Participación na Feira de Comercio e Artesanía, organizada pola Asociación de Empresarios/as de Cambre, para fomentar o comercio local e promocionar os produtos autóctonos das empresas participantes. 15, 16 e 17 de xuño de 2012


PROMOCIÓN DOS PRODUTOS DO MAR E DA HORTA DE PROXIMIDADE

A Asociación Mariñas - Betanzos e o Grupo de Acción Costeira "Golfo Ártabro" traballan conxuntamente na promoción da horta de proximidade e dos produtos da mar. O día 23 de outubro, celebrouse na cidade da Coruña, concretamente no barrio dos Mallos, unha xornada de promoción dos produtos do mar e da horta de proximidade nos barrios coruñeses.

O obxectivo desta xornada era promover nos barrios coruñeses estes produtos, así como o consumo responsable.

Aproveitouse esta xornada para presentar aos asistentes distintos proxectos onde estanse a recuperar variedades locais de horta, tales como tomate “Negro de Santiago”, tomate "Avoa de Osedo" ou tomate “de Ourense”, e pementos como o de "Arnoia" ou

"Punxín". Tamén os produtos das Confrarías de Pescadores e Mariscadores, tales como ameixas, berberechos, e os "Viños da Terra de Betanzos".



E.4. ANO 2013

XI FESTA DO PAN DE CARRAL

Organizada pola Asociación de Panadeiros de Carral e o Concello de Carral, para a exaltación dun dos produtos agroalimentarios máis destacados do territorio.

MOSTRA DE VIÑOS E PRODUTOS DAS MARIÑAS

Organizada polo Concello de Betanzos coa colaboración do GDR Mariñas - Betanzos. Apoiar e promocionar as 6 adegas de "Viño da Terra de Betanzos". Reforzouse o carácter promocional da mostra con actividades demostrativas e divulgativas, resaltando a calidade, a elaboración artesanal dos produtos expostos e o seu vínculo co territorio.

XORNADAS DE PROMOCIÓN DO PRODUTO DO MAR DE TEMPORADA DO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA "GOLFO ÁRTABRO"

Estas xornadas centráronse na divulgación dos produtos do mar de temporada (peixes, mariscos e algas) así como en presentacións e demostracións gastronómicas a cargo de hostaleiros e profesionais da restauración de pratos elaborados a partir destas materias primas. De maneira complementaria, levaranse a cabo relatorios de difusión relacionados coa futura constitución dunha marca de calidade para os produtos da Reserva de Biosfera "Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo" ou a comercialización online de produtos do mar.

XORNADA: TERRITORIOS, MARCAS DE CALIDADE E PRODUTOS LOCAIS

Actuacións para o deseño publicitario e marketing que axuden á promoción das industrias agroalimentarias participantes. A óptica dende que se contempla este apoio é o de intentar lograr un recoñecemento dos seus produtos que transmita e valorice ante o consumidor un carácter cualitativo ligado ao territorio de produción. Traballar na creación dunha marca de calidade para estes produtos.

E.5. ANO 2014

DIFUSIÓN DE PRODUTOS AGROALIMENTARIOS LOCAIS

Leváronse a cabo varias xornadas, feiras e exposición para a divulgación dos produtos locais:

- Mostra de Branco Lexítimo (5 – 6 xullo): Impulsar o coñecemento e o aprecio cualitativo do viño elaborado pola variedade “Branco Lexítimo” por medio de catas comentadas.
- XII Festa do Pan do Carral (10 -11 de maio)
- II Feira Ecological Galicia (7 – 10 agosto)
- II Mostra de Viños e Produtos Mariños (9 -10 agosto)



XORNADA FORMATIVA: A QUE SABE A BIOSFERA?

Organizada polo Centro de Divulgación Ambiental Galicia –CEIDA- co apoio da Fundación Biodiversidad e a para medios de comunicación e outros profesionais relacionados foi organizada polo CEIDA e a Asociación Mariña – Betanzos. Realizouse o 30 de setembro do 2014.

Actividade práctica de coñecemento da Reserva da Biosfera e do futuro Plan de Xestión da mesma. Mostra e pequena degustación de produtos locais susceptibles de incorporarse á futura marca de calidade.

E.6. ANO 2016

IV MOSTRA DE VIÑOS E PRODUTOS DAS MARIÑAS

20 produtores ecolóxicos e 6 adegueiros do Viño da terra de Betanzos, asistiron a esta mostra en Betanzos. Contouse coa asistencia de 3.000 persoas.

RECEITAS DA BIOSFERA

Iniciativa dirixida a potenciar o papel da gastronomía da Reserva da Biosfera debido a súa vinculación directa cos produtos locais e tradicionais da contorna. Coa proposta dos 30 participantes elaboráronse 2 menús con 8 receitas gañadoras.

XORNADAS DE DIFUSIÓN DE PRODUTOS AGROALIMENTARIOS LOCAIS

- Festa do Pan de Carral. Maio 2016
- Mostra do Branco Lexítimo. Xullo 2016
- Feira agroalimentaria de Abegondo. Outubro 2016
- IV Mostra de Produtos das Mariñas
- Mostra de produtos da RB en Sada



E.7. ANO 2017

MARCA DE CALIDADE RESERVA DA BIOSFERA MCETM

Neste ano 2017 se ten impulsado o traballo para a posta en marcha da Marca de Calidade turística ligada á Reserva de Biosfera, como distintivo que recoñece aos produtos agroalimentarios e servizos do territorio que ofrecen uns valores acordes co espazo no que se producen.

- Este ano se teñen desvolto as seguintes actuacións:
- Edición, impresión e reparto de etiquetas (50.000 unidades).
- Edición e impresión de bolsas (3.500 unidades).
- Elaboración de placas identificativas, dípticos divulgativos e reportaxe fotográfica.
- Elaboración de pregos técnicos, asesoramento e seguimento das producións.
- Constitución da Mesa Técnica da Marca.

A finais do ano 2017 xa contabamos con 21 empresas adheridas á Marca.



E.8. ANO 2018

PROMOCIÓN DA AGRICULTURA SUSTENTABLE E OS SEUS PRODUTOS

Temos colaborado na organización de diferentes actividades de difusión:

- Festa do Pan de Carral. Maio 2018 (igual que anteriores edicións).
- Mostra Branco Lexítimo. Xullo 2018 (igual que anteriores edicións).
- Feira cebola chata de Miño. Agosto 2018: Colaboración co concello de Miño para a organización deste evento, dirixido a proporcionar a Cebola chata de Miño.
- Mostra de produtos das Mariñas (igual que anteriores edicións).

E.9. ANO 2019

PROMOCIÓN DA AGRICULTURA SUSTENTABLE E OS SEUS PRODUTOS

Temos colaborado na organización de diferentes actividades de difusión:

- Festa do Pan de Carral. Maio 2019 (igual que anteriores edicións).
- Mostra Branco Lexítimo. Xullo 2019 (igual que anteriores edicións).
- Feira cebola chata de Miño. Agosto 2019 (igual que anteriores edicións)
- Mostra de produtos das Mariñas (igual que anteriores edicións).

MARCA DE CALIDADE NA RESERVA DA BIOSFERA MCETM

No ano 2019 fíxose un esforzo na promoción da Marca e dos produtos amparados, asistindo a eventos de referencia como son Madrid Fusión, Forum Gastronómico de A Coruña ou Gala Saborea España, entre outros.

A finais do ano 2019 xa contabamos con 30 empresas adheridas á Marca da Reserva de Biosfera MCE™, e 5 empresas adheridas á Marca da Rede Española de Reservas de Biosfera.

As empresas adheridas entregóuselles material promocional: bolsas reutilizables, bolsas de papel, dípticos, etiquetas e placas distintivas, ademais de elaborar a Guía Agroalimentaria da Reserva de Biosfera.

Web: <http://marcabiosfera.marinabetanzos.gal/>



E.10. ANO 2020

PARTICIPACIÓN DA RESERVA DA BIOSFERA EN “MARIDAR” II ENCONTRO: PRODUTORES, GASTRONOMÍA, OCIO E TURISMO-SABOR DAS MARIÑAS

En Setembro celebrouse no Concello de Sada o evento “Maridar II”, que forma parte dun dos proxectos do GALP Golfo Ártabro Sur organizado por FAE As Mariñas. O principal obxectivo do evento é poñer en valor e promocionar os produtores, produtos e servizos relacionados co mar e a terra da comarca das Mariñas.

XORNADAS GASTRONÓMICAS DO TERRITORIO ATLÁNTICO

Os produtos da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo foron este ano 2020 os protagonistas da primeira edición das Xornadas Gastronómicas Territorio Atlántico en colaboración co Concello de A Coruña a través do Consorcio de Turismo.

Os restaurantes Bido, Culuca, Greca, Millo Orzán, Pablo Gallego, Peculiar, Salitre, Taberna 5 Mares, Terreo e 55 Pasos terán nos seus menús distintos tipos de pratos realizados con produtos da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, este último onde tivo lugar a inauguración oficial.

A MARCA DA RESERVA DA BIOSFERA

Na actualidade 29 empresas agroalimentarias están adheridas á Marca da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, 5 das mesmas están integradas a marca estatal da Reserva de Biosfera Española.

As empresas adheridas durante o ano 2020 á Marca da Reserva de Biosfera, foron:

- Finca O Castelo, en Abegondo, dedicada á produción de produtos hortícolas.
- Os Biosbardos, no concello de Cambre, dedicada á produción hortícola.
- A Horta do Monte, localizada no concello de Carral, dedicada á produción hortícola.
- Adegas Bordel, do concello de Abegondo, e dedicada á produción vitícola.
- Seitura, localizada no concello de Paderne, dedicada á produción hortícola



CATAS SENSORIAIS PARA AVALIAR OS PRODUTOS DA RESERVA

O 21 de Decembro, a Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas desenvolveu no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, unha cata sensorial dos produtos alimentarios certificados coa Marca de Calidade. Os participantes foron restauradores e produtores da Reserva, ademais do sumiller Alejandro Paadín.

A principal innovación que se empregou foi unha diadema sensorial que permite coñecer, en tempo real, os datos das emocións de quen proba os alimentos. Os catadores, por outro lado, probaron dous tipos diferentes de marmelada, queixo e zumes. Unha enquisa deseñada pola empresa TasteLab permitiu avaliar cualidades dos diferentes alimentos (textura, intensidade do color, sabor doce, amargo e elasticidade, entre outras) co obxectivo de comparar ambos produtos e destacar a calidade dos que contaban coa certificación.

Enlace ao vídeo: <https://fb.watch/3wMmOrZA-V/>

CAMPAÑA PROMOCIONAL “ESCAPADAS Á BIOSFERA”

Esta actuación promocional realizouse utilizando preferentemente as novas tecnoloxías e comprendeu unha serie de accións promocionais a nivel dixital:

- Sorteos promocionais a través das redes sociais de 17 "Cestas da Biosfera", con produtos agroalimentarios locais do territorio.
- Difusión nas redes sociais da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” nas que se promocionaron as “Escapadas á Biosfera”.

O vídeo descárgase na seguinte ligazón:

<https://www.youtube.com/watch?v=J7olGrIEnWo>



E.11. ANO 2021

A RESERVA DA BIOSFERA PARTICIPA NO SALÓN INTERNACIONAL DE TURISMO B TRAVEL

A Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo participou os días 11 e 13 de xuño no Salón Internacional de Turismo B Travel 2021 de Barcelona, convidada pola Deputación da Coruña, como exemplo demostrativo no ámbito do Ecoturismo ao ser o Primeiro Destino de Ecoturismo certificado de Galicia, a través do Club de Ecoturismo de España.

Neste evento déronse a coñecer todas as iniciativas postas en marcha na Reserva de Biosfera MCEtM ligadas ao ecoturismo, e os diferentes produtos comercializados.

GUÍA DE PRODUCTOS AGROALIMENTARIOS DE EXCELENCIA DA RESERVA DA BIOSFERA

Creouse unha Guía de Produtos Agroalimentarios de Excelencia da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, coa premisa de que expertos multidisciplinares analizasen sensorialmente e a cegas os produtos do territorio en comparación a outros foráneos.

Estes expertos abarcan desde cociñeiros/as ata catadores, pasando por produtores, gastronomos e prescritores.

Un panel rotativo de máis de 20 catadores que desde maio e ata finais de setembro cataron máis de 300 produtos agroalimentarios certificados na Marca de Calidade da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas. A Guía de Produtos de Excelencia de Mariñas Coruñesas servirá para poñer en valor o territorio como Destino Gastronómico de primeiro nivel, gracias as súas características agroclimáticas e os produtos de gran calidade existentes no territorio e amparados pola Marca de Calidade de Mariñas Coruñesas.

Por outra banda tamén vai a ser un importante apoio para os Restaurantes e Aloxamentos da Biosfera, así como para os produtores agroalimentarios locais certificados, que dispoñen dunha ferramenta clave para a promoción deste territorio como Destino Gastronómico.

Descargar guía: <https://marinas-corunesas-web.s3.eu-west-1.amazonaws.com/Gui%CC%81a-Excelencias-da-Reserva-de-Biosfera.pdf>



MELLORANDO A COMERCIALIZACIÓN DOS PRODUCTOS ALIMENTARIOS

Neste ano 2021, desenvolveuse o proxecto “Creación e lanzamento da plataforma de marketplace para produtos agroalimentarios no medio rural”, cun custe de 34.404,25 € e que contou cunha axuda de 27.523,40 € da Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

O obxectivo final deste proxecto foi a creación dunha plataforma para favorecer a venda en circuitos curtos dos produtos alimentarios e potenciar a comercialización en circuitos curtos dos produtos adheridos á Marca de Calidade Reserva de Biosfera MCeTM.

Con esta plataforma buscábase:

- Facilitar a compra de produtos adheridos á Marca de Calidade da Reserva de Biosfera, inicialmente nos Eco-Comedores e Comedores colectivos de colexios e outras entidades.
- A diminución da pegada de carbono derivada do transporte.
- Mellorar a calidade e o packaging dos produtos da Marca, a través do deseño e creación de produtos sostibles de packaging.
- Avanzar no proceso de transformación dixital e adaptarse á nova demanda e perfil das persoas consumidoras.
- Servir



Estase a traballar de cara a organizar a loxística necesaria para facer as compras e servir os pedidos nos comedores colectivos e eco-comedores.

Web: <https://mercado-biosfera.pod.coop/1060/producers>

PROXECTO ALIMENTOS DA BIOSFERA

Asociación Mariñas-Betanzos é o GDR coordinador do proxecto “Alimentos da Biosfera: rede para a promoción de circuitos curtos alimentarios baixo a marca Reservas de Biosfera Españolas”.

Este proxecto iniciouse na anualidade 2021 e desenvolverase tamén durante a anualidade 2022. A finalidade deste proxecto é impulsar desde os Grupos de Acción Local as marcas propias asociadas a cada Reserva de Biosfera, así como a marca estatal das Reservas de Biosfera Españolas para producións alimentarias, como estratexia para a mellora da calidade destas producións e que contribúan á mitigación do cambio climático e mediante o fomento do consumo en circuitos curtos locais.

Entre as actuacións realizadas durante o ano 2021 están:

- Traballo de campo para a identificación e proposta ás diferentes empresas a súa adhesión á Marca propia, así como á de RBs Españolas.
- Identificación das necesidades das empresas agroalimentarias, así como definir os protocolos de mellora na calidade dos produtos, e no empaquetado e etiquetaxe. As 14 empresas analizadas pertencen aos seguintes sectores:
 - Venta e elaboración de cárnicos.
 - Sector lácteo: produción de queixo e/ou leite.
 - Horta; elaborados e conservas vexetais.
 - Produción de setas.
 - Análise da situación actual nos centros educativos do territorio (12 centros educativos analizados).
 - Formación e intercambio de experiencias con outros territorios (participouse en 3 seminarios



PARTICIPACIÓN DA RESERVA DA BIOSFERA EN “MARIDAR” III ENCONTRO: PRODUTORES, GASTRONOMÍA, OCIO E TURISMO-SABOR DAS MARIÑAS

Celebrouse en setembro no concello de Oleiros. O principal obxectivo do evento foi poñer en valor e promocionar os produtores, produtos e servizos relacionados co mar e a terra da comarca das Mariñas, e onde a Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo contou cun stand para a promoción dos produtos da Marca, ademais de estar diferentes produtores adheridos á mesma.

VÍDEOS:

<https://eses.facebook.com/turismodesada/videos/maridar-ii/321557472284644/>

<https://www.facebook.com/Cadenote/videos/disfrutando-maridar-ii-encuentro-gastron%C3%B3mico-y-turismo-sabor-das-mari%C3%B1as/2650479288534378/>

XORNADAS GASTRONÓMICAS DO TERRITORIO ATLÁNTICO

Ó igual que no ano 2020, celebráronse estas xornadas no mes de novembro. Participaron 14 restaurantes da cidade da Coruña.

A MARCA DA RESERVA DA BIOSFERA

Na actualidade 33 empresas alimentarias están adheridas á Marca da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, 7 das mesmas están integradas a marca estatal da Reserva de Biosfera Española.

As empresas adheridas durante o ano 2021 á Marca da Reserva de Biosfera, foron:

- En Flor, no concello de Paderne, dedicada á produción de produtos hortícolas.
- Leiriñas de Uz, no concello de Sada, dedicada á produción hortícola.
- Lúa de Dexo, localizada no concello de Oleiros, dedicada á produción hortícola.

Os certificados deberán renovarse pasados os catro anos.



G. APOIO DENDE OS PROGRAMAS LEADER ÓS NOVOS PRODUTOS TURÍSTICOS DE EMPREENDEDORES PRIVADOS E/OU CONCELLOS

Como resultado dos traballos participativos co sector turístico local e cos diferentes axentes do territorio, e servíndonos da ferramenta do Programa Leader, conseguimos diversificar a oferta rural, incorporando as nosas empresas, produtos e servizos turísticos.

Neste senso, foi fundamental a colaboración público-privada na que o empresariado turístico do territorio pronunciouse a favor de avanzar neste proceso e conseguir a adhesión das empresas turísticas para conseguir formar parte do Club de Ecoturismo de España e apostar por un modelo de ecoturismo no territorio, a través da Mesa de Calidade Turística do Destino que tamén conformamos.

A implantación deste método participativo, baseándose no Programa MaB da UNESCO que inspira as Reservas de Biosfera e baixo a filosofía do Leader, pretende desenvolver unha serie de actuacións dirixidas a fomentar a colaboración público-privada, nun momento na que o empresariado turístico precisa máis que nunca un apoio próximo e claro no seu día a día.

Trátase dunha aposta decidida na que destaca o noso valor diferencial por ser un territorio singular e recoñecido, somos Reserva de Biosfera; a través da mellora da competitividade e sostibilidade dos produtos e servizos turísticos incluídos nesta área recoñecida mundialmente pola UNESCO, aplicando unha fórmula innovadora e na que a calidade sexa a nosa máxima. Un modelo que pretendemos poida ser exportable a outros territorios, posicionándonos como un Destino de Ecoturismo, certificado a través do Club de Ecoturismo de España e dentro da Marca Galicia.

G.1. ANO 2010

ASISTENCIA A FEIRAS: DIVULGACIÓN DO PROGRAMA LEADER



- Feira Incoart 2010 (21, 22 e 23 de maio): Feira de industria, comercio e artesanía do Concello de Bergondo. O Equipo Técnico do Programa LEADER estivo os tres días nesta feira cun stand dando a coñecer o Programa, así como informando a todas as persoas interesadas sobre as liñas de axuda.
- II Feira empresarial e comercial de Culleredo (19 – 20 xuño): Feira empresarial e comercial organizada pola Asociación de Empresarios de Culleredo coa colaboración de Promoción Económica do Concello de Culleredo. O Equipo Técnico do Programa LEADER estivo os dous días nesta feira cun stand dando a coñecer o Programa, así como informando a todas as persoas interesadas sobre as liñas de axuda.
- Feira Comercio e Artesanía de Cambre (19 – 20 xuño): Feira de comercio e artesanía organizada pola Asociación de Empresarios e Empresarias do Concello de Cambre O Equipo Técnico do Programa LEADER estivo os tres días nesta feira cun stand dando a coñecer o Programa, así como informando a todas as persoas interesadas sobre as liñas de axuda.
- Feira Multisectorial de Paderne (3 – 4 xullo): Feira multisectorial do Concello de Paderne. O Equipo Técnico do Programa LEADER estivo os dous días nesta feira cun stand dando a coñecer o Programa, así como informando a todas as persoas interesadas sobre as liñas de axuda.

- Feira do Agro 2010 (10 outubro): Exposición e venda de produtos agropecuarios. O Equipo Técnico do Programa LEADER estivo nesta feira cun stand dando a coñecer o Programa, así como informando a todas as persoas interesadas sobre as liñas de axuda.

G.2. ANO 2011

PÁXINA WEB “MARIÑA-BETANZOS”

A Asociación “Mariñas – Betanzos” a través dunha axuda concedida polo Programa LEADER pon en marcha a súa páxina web con información sobre a Asociación Mariñas–Betanzos e os recursos turísticos do territorio. O obxectivo deste espazo web foi o de prestar un servizo de información a empresarios, emprendedores, administracións locais, técnicos en desenvolvemento e interesados en xeral.

ASISTENCIA A FEIRAS: DIVULGACIÓN DO PROGRAMA LEADER

IX Feira Comercio e Artesanía de Cambre (19 – 20 xuño). O equipo técnico do Programa LEADER, e as dúas alumnas en prácticas de CESUGA estiveron informando do programa e da propia asociación para as persoas asistentes a feira. Asistencia de 10.000 persoas.

G.3. ANO 2012

I XORNADAS PATRIMONIO NAS MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO

Explicouse como se xestou e levou a cabo a recuperación da capela do Monte da Estrela, así como se xurdiu e se desenvolveron as campañas arqueolóxicas en Boebre, Pena Furada ou Carnota. Presentouse o Plan de Xestión da Reserva da Biosfera, que incorpora liñas de acción para o apoio e fomento do emprego e o emprendemento sostible. Informouse dos principais cambios incorporados para a execución do Programa Leader para os anos 2014-2015, facendo especial fincapé nos proxectos susceptibles de financiarse a través deste Programa.

SINALIZACIÓN RESERVA BIOSFERA (1ª FASE)



Dende o Organismo autónomo de Parques Nacionais (OAPN) asinou un convenio de colaboración coa Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, co obxecto de deseñar e desenvolver un proxecto piloto de sinalización nas principais redes viarias de entrada á Reserva de Biosfera.

A Reserva foi representada polo Consorcio As Mariñas na sinatura deste Convenio. Parte do financiamento para desenvolver esta sinalización achegárase dende o Programa

Sinalización SISTHO (Sistema sinalización turística homologada) en vías competencia estatal:

VIA	PUNTO QUILOMÉTRICO	CONCELLO	DIRECCIÓN	COMPETENCIA
A-6	540	Aranga	Madrid-Coruña	Ministerio Fomento
AP-9	33	Abegondo	Santiago –A Coruña	Ministerio Fomento
AP-9	14	Miño	Ferrol-A Coruña	Ministerio Fomento
N-550	25	Carral	Santiago-A Coruña	Ministerio Fomento
N-651	14	Miño	Fene-Betanzos	Ministerio Fomento
N-550	7	Culleredo	Rotonda aeroporto (Alvedro)	Ministerio Fomento

G.4. ANO 2015**CREACIÓN DA IMAXE CORPORATIVA DA RESERVA DA BIOSFERA MCETM**

Para a realización deste proxecto, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) e dentro do Programa Leader 2007-2013 concedeu unha axuda do 100%

Total axuda: 2.950.-€.

**G.5. ANO 2019****I PREMIO LEADER POLA SÚA INNOVACIÓN TURÍSTICA**

Un proxecto de emprendemento, apoiado a través da Medida Leader Mariñas-Betanzos, recibiu o I Premio Leader pola súa innovación turística. Cabanas de Canide recibiu o distintivo o 27 de xullo de 2020 de mans do presidente de Mariñas Coruñesas. Un dos proxectos de emprendedores de Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo no ámbito turístico foi galardoado nos primeiros Premios Leader que organiza a Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia. Trátase das Cabanas de Canide, en Oleiros. O Premio Leader, correspondente á convocatoria de 2019, distingue no campo do turismo a elementos dinamizadores do medio rural. Ten en conta a contribución á creación de emprego local, a participación activa da muller, da mocidade, a innovación ou a orixinalidade, entre outros criterios. O proxecto consistiu na construción dunha pensión de tres estrelas en madeira, con altos estándares de calidade semellantes a cabanas nórdicas. Convértese así nun sinal de identidade diferenciadora dos xa existentes.

RECUPERACIÓN ENTORNO ESPERELA

O Concello de Paderne contou co apoio da Medida Leader para rehabilitación dun lavadouro e dunha fonte na aldea de Esperela. A través deste proxecto se recupera o patrimonio etnográfico e cultural desta aldea.

RESERVA DA BIOSFERA: DESTINO TURISMO SUSTENTABLE

Este ano 2019 fixemos coa financiación do LEADER as avaliacións para certificar ao primeiro grupo de Restaurantes da Biosfera, aqueles restaurantes que cumpren unha serie de requisitos relacionados coa calidade e profesionalización, instalacións e servizos, boa xestión ambiental, utilización de materias primas do territorio e, tamén, implicados coa formación ofrecida pola Reserva de Biosfera e coa mellora continua dos seus establecementos.

G.6. ANO 2020

Ó longo do ano, continuouse levando a cabo a formación SICTED coa financiación da Medida LEADER de diferentes organizacións, así como as seguintes actuacións:

FORMACIÓN AOS RESTAURANTES DA BIOSFERA

- Formación en Novas Técnicas de Cociña con produtos da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas. Realizouse unha formación práctica presencial de catro horas dirixida a Restaurantes da Biosfera, co cociñeiro Javier Olleros Rodríguez, con dúas Estrelas Michelin e unha Estrela Verde, que se caracteriza polo uso e aplicación gastronómica de produtos locais e pola implantación de boas prácticas medioambientais. A formación incluíu unha parte presencial o día 15/11/2021 na Rectoral de Cines (Oza- Cesuras), incluíndo degustacións para un público de aproximadamente 35 persoas. Ademais, realizáronse titorías personalizadas con Javier Olleros e o seu equipo, onde as persoas participantes á formación puideron consultar todas as súas dúbidas.
- Formación Repostería km 0. Receitas e presentación. A formación práctica presencial constou de catro horas dirixida a Restaurantes da Biosfera, na que o formador foi o reposteiro Pablo Morales, creador de Habaziro, que destaca pola utilización de produtos locais, pola innovación e a comida saudable, así como polo respecto a nivel ambiental; foi recoñecido como un dos mellores pasteiros revelación de España na categoría de obradoiro en Madrid Fusión 2019. A formación incluíu unha parte presencial cunha duración de catro horas o día 27/10/2021, na Reitoral de Cines, para un público de aproximadamente 30 persoas.



ACTUACIÓNS DE FORMACIÓN SICTED

Foron destinatarios destas actuacións:

- 14 empresas de restauración en Ciclo 3 deste Sistema de Calidade Turística no territorio das Mariñas Coruñesas.

- 7 empresas de restauración en Ciclo 2. 9 empresas de aloxamentos en Ciclo 2.
- 11 empresas agroalimentarias (Agroturismo) en Ciclo 2.
- 10 novas empresas/recursos turísticos do territorio para o Ciclo 1 do Sistema.

Dito proceso formativo, tamén serviu para crear sinerxías entre as diferentes empresas do sector turístico local, mellorar a colaboración entre o empresariado e a entidade xestora do Xeodestino, así como para a creación de novas experiencias de Ecoturismo.

H. TRABAJO EN REDE CON OUTROS TERRITORIOS NO PROGRAMA LEADER

PARTICIPACIÓN NO EVENTO LEADER EN ÉVORA, PORTUGAL

A conferencia do ano 2018, organizada por ELARD baixo a presidencia portuguesa, serviu para entender mellor o que pasou co método LEADER desde o ano 2007.

Do mesmo xeito que en 2007, a conferencia en 2018 tamén tivo lugar en Évora (Portugal). As persoas participantes puideron debater e sumarse ás mesas de traballo e análise moita creatividade, incluída o desenvolvemento de intercambios cooperación entre os territorios rurais da UE. Os temas para tratar incluíron novo enfoque imposto polo concepto de dixitalización dos Smart Villages, intercambios sobre como afrontar os cambios demográficos, asegurar que os mozos permanezan ou se trasladen ás áreas rurais, e como LEADER/CLLD e os GAL poden contribuír a estes desafíos.



II ENCONTRO LEADER GALICIA 2019

A Asociación Mariñas-Betanzos estivo presente no II Encontro LEADER de Galicia, celebrado o 11 de setembro de 2019 no concello de A Estrada (Pontevedra).

Este evento, organizado por Agader e a Asociación de GDRs de Galicia, ten servido para dar a coñecer proxectos innovadores e de emprendemento no rural en Galicia, sendo un punto de encontro das entidades vencelladas ao Leader.



INTERCAMBIO DE EXPERIENCIAS LEADER ON-LINE “ALIMENTOS DA BIOSFERA”

En maio de 2020 tivo lugar o Intercambio de Experiencias LEADER “Alimentos da Biosfera”, celebrado on-line. Co obxectivo de dar continuidade ás actuacións incluídas no marco de actuación da RRN, ponse en marcha o primeiro intercambio de experiencias LEADER entre os Grupos de Acción Local, a través das plataformas dixitais.



A marca «Reservas da Biosfera Españolas» destaca e diferencia aqueles produtos naturais e artesanais dos territorios recoñecidos como Reservas da Biosfera e aqueles produtos elaborados e/ou servizos de empresas dadas de alta nalgún dos municipios que pertencen ás Reservas e que contribúan a unha ou máis das funcións básicas que deben cumprir as Reservas da Biosfera (conservación, desenvolvemento e apoio loxístico), así como que estean de acordo co plan de xestión da correspondente Reserva da Biosfera, respectando así as singularidades de cada unha delas. Para máis información sobre a marca e as Reservas de Biosfera, poden consultar a web do Organismo Autónomo Parques Nacionais, que son a Secretaría do Comité Español do Programa MAB.

I. ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN DO DESTINO

I.1. ANO 2018

XESTIÓN DO XEODESTINO “AS MARIÑAS”

A Asociación Mariñas iniciou en 2018 os trámites para xestionar o Xeodestino “A Coruña e As Mariñas”, que coincide con gran parte do territorio da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas.

A xestión do xeodestino levarase a cabo en colaboración coa Xunta de Galicia, e permitirá unificar a mensaxe turística e promover estratexias conxuntas entre os municipios, asociado a un produto turístico.

I.2. ANO 2019

A RESERVA DA BIOSFERA: DESTINO DE TURISMO SUSTENTABLE NO CONGRESO DE ECOTURISMO DE ESPAÑA 2019

Desde do ano 2019, a Asociación Mariñas- Betanzos tense adherido ao Club de Ecoturismo en España, presentándose como unha oportunidade para o posicionamento do destino, así como das empresas turísticas do territorio.

Por outra banda, a Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo presentou en novembro no Congreso Nacional de Ecoturismo en Guadix (Granada) os seus avances na Marca de Calidade da Reserva de Biosfera e os traballos realizados para a certificación do primeiro grupo de Restaurantes da Biosfera, baixo a metodoloxía do SICTED.



A RESERVA DA BIOSFERA MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO EN FITUR 2020

As Mariñas Coruñesas presentou en [FITUR](#), Feira Internacional de Turismo, en Madrid, a súa oferta de [Ecoturismo](#) no territorio. Tras asumir a xestión do xeodestino a Reserva presentou en Madrid a súa oferta de turismo sostible baseado nos circuítos locais que dinamizan o medio rural. As Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo e o primeiro destino de ecoturismo certificado en Galicia. Aproveitouse a feira para asinar un acordo de Colaboración co Concello de A Coruña para crear e potenciar liñas de acción en Coruña.



I.3. ANO 2021

MARIÑAS CORUÑESAS PRESENTA A SÚA CAMPAÑA “SINTE COS CINCO SENTIDOS”

A Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas presentou no mes de maio de 2021, no Acuario Finisterrae da Coruña, a campaña “Sinte cos cinco sentidos” que ten como obxectivo a promoción do destino turístico da Reserva de Biosfera, as experiencias e os recursos turísticos.

Este acto celebrouse no mes de maio e contou coa participación da Directora Xeral de Desenvolvemento Rural, da Consellería de Medio Rural, o Vicepresidente da Deputación da Coruña, así como o Presidente da Reserva de Biosfera MCeTM, e tamén serviu para adiantar a campaña que se presentaría en FITUR 2021.

A RESERVA DA BIOSFERA MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO EN FITUR 2021

As Mariñas Coruñesas presentou en [FITUR](#), Feira Internacional de Turismo, en Madrid, a súa oferta de [Ecoturismo](#) no territorio.

A Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo presentou a campaña “ Sinte cos cinco sentidos”, baseada nunha experiencia vivencial, tanto a nivel visual, como olfactivo, gustativo, auditivo e sensorial. Imaxes dos 17 concellos, resaltando os grandes elementos do patrimonio natural e cultural da Reserva, pero tamén momentos únicos, como o cheiro do mar, as vistas desde as montañas, os sabores das producións.

A Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo recibiu no marco de Fitur 2021 a distinción ao seu proxecto de envases ecolóxicos para a comida para levar dos Restaurantes da Biosfera. O premio é como segundo finalista na categoría de Mellor proxecto de mellora Sicted 2020, iniciativa impulsada polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo para promocionar a calidade turística.



A RESERVA DA BIOSFERA PARTICIPA NO SALÓN INTERNACIONAL DE TURISMO B TRAVEL

A Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo participou os días 11 e 13 de xuño de 2021 no Salón Internacional de Turismo B Travel 2021 de Barcelona, convidada pola Deputación da Coruña, como exemplo demostrativo no ámbito do Ecoturismo ao ser o Primeiro Destino de Ecoturismo certificado de Galicia, a través do Club de Ecoturismo de España. Neste evento déronse a coñecer todas as iniciativas postas en marcha na Reserva de Biosfera MCeTM ligadas ao ecoturismo, e os diferentes produtos comercializados.

I.4. ANO 2022

CELEBRACIÓN DO VI CONGRESO ESPAÑOL DE ECOTURISMO NO GDR MARIÑAS-BETANZOS

Tivo lugar dentro da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas, do 18 ao 20 de outubro de 2022. Era unha edición na que se conmemoraban 20 anos da declaración de Ecoturismo de Quebec, así como o 30º aniversario da Rede Natura 2000.

Esta edición do congreso centrou a súa atención no papel do ecoturismo na mitigación do cambio climático e, en particular, na importancia e nas ferramentas para avanzar cara a neutralidade de carbono neste produto turístico, moi vinculado á sostibilidade. Este tema centrou gran parte das poñencias, mesas redondas e intercambio de experiencias.

A sede do congreso foi o Pazo de Mariñán (Bergondo).



DIRECCIÓN

Asociación Mariñas-Betanzos.
Antiga Cámara Agraria. San Marcos, s/n.
15318 Abegondo (A Coruña).

CONTACTO

info@marinasbetanzos.gal
981 669 541

[HTTPS://WWW.MARINASBETANZOS.GAL](https://www.marinasbetanzos.gal)